

## Descripción do percorrido.

### Día 12 - Val do Glaciar de Prada

Comenzamos a nosa camiñada na aldeña de Requeixo, e pouco despois de atravesala collemos unha pista que, ascendendo polo val, lévanos ao Bico do Lombo onde se poden percibir as primeiras pegadas da súa orixe glaciar, grandes bloques de granito depositados no terreo. A pista continua entre carballos e extensas praderías e, tras cruzar una pequena ponte sobre o río, adentráse no val de As Lamas e Prada. A aldea de Prada está completamente abandonada e dende ela podese cotemplar unha excelente panorámica sobre o circo Glaciar que enmarca o val coa súa clásica forma de U. A volta farémola pasando polo Pontón e a Biduela, a través de camiños de alta montaña e pequenas congostras, cara á aldea de Requeixo.

Distancia: 13 Km. - Dificultade: Baixa.

### Día 13 – Trives

Sáímos de Trives pola estrada OU-536, que abandonaremos no lugar de San Salvador para adentrarnos por unha corredeira que entre carballos e castiñeiras centenarias levaranos a un conxunto de pequenas aldeñas, Prado, O Outeiro, San Mamede e despois a Castéligo. Deixamos esta última para alcanzar a pequena capeliña de San Vitor. Cruzamos a estrada para, descendo pola espesa carballeira de As Chairas, chegar o Encoro das Guístolas. Pasando pola súa represa encamiñámonos ao lugar de Ponte Navea, por onde pasaba a importante Vía XVIII que unía Astúrica con Brácara. Ascendemos pola empedrada vía cara o conxunto dos Sequeiros e dende aquí cara o pobo de Pena Folenche, onde hai un mirador situado enriba de unha gran rocha que domina a aldea, onde podemos contemplar unhas vistas privilexiadas da Cabeza Grande de Manzaneda, Pena Trevinca, O Canón do río Navea e por suposto da comarca de Trives.

Aquí esperarános o autobús por si alguén non quixera continuar, o resto seguiremos cara A Pobra de Trives pasando polos lugares de Avós, O Mato e As Rivas, a poucos metros da nosa meta, onde podemos ver unha fermosísima ferverza.

Distancia Total: 19 Km. - Distancia a Pena Folenche: 14,5 Km. - Dificultade: Media

### Día 14 – Baixando cara As Ermidas

Comenzaremos a andaina no mesmo punto que a do día 12, na dirección contraria, por unha corredeira que nos leva ao pobo de San Miguel de Bidueira, dominado pola súa igrexa parroquial, unha xoia da arquitectura barroca do século XVIII popularmente coñecida como a Catedral de Manzaneda. Continuamos polos Chairos de San Miguel a 930 metros de altitude onde teremos unhas vistas privilexiadas do Encoro do Vao e as terras do Concello do Bolo. Deixamos atrás a aldea de San Vicenzo para comenzar o descenso por unha pista que baixa ao Canón do río Bibei a altura do impresionante Santuario da Virxe das Ermidas, onde agardaranos o autobús para dar por rematada a nosa excursión.

Distancia: 14 Km. - Dificultade: Media baixa

*Teléfono Servicio asistencia 902136524 (Mapfre)*

*No Federados: 981 260320*

### PROXIMAS ACTIVIDADES 2018

- ✓ *28 de octubre:* Polo castro Castañoso, Fonsagrada (LU)
- ✓ *10 y 11 de noviembre:* Outono na Ribeira Sacra
- ✓ *25 de noviembre:* O Mandeo por Terras de Aranga (C)

**Teléfono: 981 213115**

**Correo: artabros@artabros.org**



SOCIEDADE DE MONTAÑA  
ARTABROS

PUENTE DEL PILAR



**12 a 14 de OCTUBRE de 2018**

**TRIVES**  
(Ourense)

